



Non hai resposta mellor có amor

Xesús Ferro Ruibal



XESÚS FERRO RUIBAL

(Rebón - Moraña, 1944).

Estudou Filosofía e Teoloxía no seminario de Santiago (1965) e Filoloxía Clásica en Roma (1969). Catedrático de latín, traballa en fraseoloxía no Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. Membro numerario da Real Academia Galega, publicou libros e artigos de asuntos latinos, fraseolóxicos, sociolingüísticos e onomásticos. Foi un dos redactores do Plan Xeral de Normalización da Lingua Galega (2004). Creou e dirixiu o microespazo de televisión Ben Falado (TVG 2008-2009). Participou con dous relatos nos Contos de Castromil (1992).

Subvenciona:



Publica:



Coa colaboración:



© do texto: Xesús Ferro Ruibal

© da edición: AFNLG

Coordinación: Carme Vaquero
Xosé González

Fotografía e deseño: Pío García

Edita:



Imprime: Artes Gráficas Litonor

Deposito legal:C4086-2009

galeguizar galicia


Ocorre as máis das veces que os viaxeiros van ollando a paisaxe, pero sen descifraren as causas, historia e circunstancias que a definen. Adóitase dicir —non é máis ca unha frase feita— que o viaxar arrequece a cultura. Iso depende. Se nos fiamos dalgunhas enquisas feitas sobre o coñecemento que os galegos temos do noso medio, a conclusión é ben distinta: vivimos nun País que non valoramos dabondo, porque o descoñecemos.

Otero Pedrayo, que tivo que viaxar moito nos coches de liña, tiña por costume ilustrar o seu acompañante de todo o que os seus ollos albiscaban, de preto e de lonxe. Din os que gozaron da súa compañía naquelas demoradas viaxes polas estradas galegas que era unha regalía poder coñecer “sobre a marcha” todo o que quedaba fóra da xanela do autobús.

Relatos da Paisaxe pretende poñer ao alcance dos viaxeiros das empresas asociadas en Trabivus Noroeste unha primeira entrega de relatos literarios e á vez descritivos, que contribúan a coñecer máis os accidentes xeográficos, monumentos, tradicións, etc., que salfiren a nosa contorna. A suma de todos eles fan parte da nosa cultura, relatada en lingua galega, que resoou, resoa e resoará nos escenarios que se van sucedendo nas viaxes que se fan percorrendo as estradas.

A Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística de Galicia e mais a Secretaría Xeral de Política Lingüística da Xunta de Galicia poñen nas súas mans unha pequena colección de relatos escritos para esta acción por diversos autores, coa finalidade de divulgar e fomentar o uso da lingua galega.

Xoaquín Monteagudo Romero
Presidente da AFNLG



Xesús Ferro Ruibal

Non hai resposta mellor có amor



Vai caendo o sol aquí, en Silván, trono da ría de Arousa, ó pé do Castrove. Estou a rega-los tomates, leitugas e pementos. Miña irmá Sara pregunta dende dentro ónde están os nenos. Vou mirar. Iria e Breixo están a enredar cunha muller onda o lavadoiro de Grixó. ¡Oi, seica nunca a vin diante! Como teñen oito e sete anos, penso en ilos tirar de alí pero vese que eles están a gusto e ela tamén: está arrousada facéndolle a Iria un cestiño de xoguete con xuncas; debeunas coller nun rego. Non hai máis xente no camiño. Iria tócalle os torneados carrapichos e a ela faille chiste e cóllelle a punta do nariz e sacódella cariñosamente.

Cando acaba, érguese e vexo que a roupa é doutro tempo, pobre pero limpa. Parece dun grupo de danza, porque a roupa é tradicional tradicional: desas que agora sacan algúns grupos folclóricos das ilustracións dos libros vellos. Sobre unha saia roxa coma o ouro leva un mandil de liño rematado en ondas e por riba del as puntas dun gran pano atado por diante ó van: faille de corpiño e éncea de cor. De liño é a camisa e o pano que leva ó cachirulo. Saia e escarpíns parecen de la. Nos pés, zoques. Ollos grandes verdes coma a auga do mar. A mirada, desperta e aguda: coma esas arcas que, xa antes de abrilas, sabemos que gardan dentro cousas valiosas. Pelo castaño, encarrapichado nun cadrelo que cae polo lombo. ¡Oi! A crecha dálle unha volta arredor do van. Nunca vin cousa coma ela; faina extravagante.

Breixo sente caer do pexegueiro un pexego maduro e veno coller e lévallo. O sol quere deitar entre Sálvora e Aguiño pero queda o calmuzo do día. Mira as nosas hortalizas e dime:

— Ten un bo pobolo.

— Non hai queixa, non.

— Esa reguiña tan fina parece orballo: á tardiña baixa, cáelle divinamente.

— Pois si. E logo, ¿seica vén dando unha volta? — digo agachando a sorpresa.

— Non. Acabo de chegar, porque eu sonlle de aquí, de Silván.

— ¿Como de Silván?

— De Silván. Pero ¿está todo tan mudado...!

— Ai, logo estivo emigrada.

— Máis ou menos.

Os pequenos fíanse dela e sorpréndeme que os cans non ladren. Aínda vai calor e ofrézolle un vaso de auga. Acéptao. Vouno buscar e sae a miña irmá Sara, a nai de Iria e Breixo, cunha tina de roupa para o tendal. Dígolle o que pasa e preguntalle á muller

— ¿E logo de quen vén sendo?

Cando volvo co vaso de auga, Sara está falando con ela pero xa ten os nenos pola man. Iria amóstrame o cestiño feito de xuncas. A muller, do lado de fóra do val, estalle pedindo unhas tallantes a Sara porque se encontra impresentable: precisa arranxa-las uñas e recorta-lo pelo desmedrado. Deixo a auga e entro outra vez a polas tesoiras. Cando llas dou, ela pide desculpa e retírase discretamente ó camiño e nun santiamén vén coas uñas axeitadas. Cando devolve as tesoiras, reparo nas mans sólidas pero longas e elegantes. Debe andar polos vintecinco anos; moito máis, non. Colle por fin o vaso, bebe e di:

— ¡Que ben lle saben á auga que me troio as pingas de limón! ¡Deus ño pague! ¿Como é a súa gracia?

Non entendo a pregunta. Ergue as cellas, sorrí ensinando uns dentes ben feitos nunha cara morocha de mar e monte e polo movemento das mans comprendo que me está a preguntar como me chaman. Dígolle que, Antón; que miña irmá, Sara; e que os rapazolos, Iria e Breixo.

— Pois Deus bendiga a xente toda desta casa. En Silván nunca faltou xente boa. Eu tamén son de aquí, de Silván, pero

estou desorientada. Sei que estou en Silván porque vexo a Illa da Arouza en liña coa Curota. Pero as casas agora son grandismas; as árbores, tamén; a xente é outra. Non me tome a mal a pregunta. ¿A cantos estamos?

— A primeiro de setembro.

— Pero ¿de que ano?

— ¿Como de que ano? ¿Vostede non sabe en que ano vive?

— Teña paciencia comigo; dígame o ano e despois entenderá.

— 2009.

A sorpresa faille bota-las as mans á cara.

— ¡Ai, meu Deus! ¡A min, logo, tamén me pasaron trescentos anos por riba! Agora entendo o que medrou este meu pelo e mailas uñas e o cambiado que están o Castrove e Silván.

Vese desorientada e bebe o que lle quedaba no vaso. Fala amodiño, cunha suavidade nos eses que parecía da Armenteira doutro tempo: di “Çilván”, “paçiencia” e “treçentos”. O “e” de “Deus” faino moi pechado. Cóntanos que ela é xornaleira, orfa, filla de moza; que cando ela tiña quince anos morreulle a nai e que, antes de morrer, díxolle: “¡Vélate, miña filla! Moza pobre e ben parecida: aldraxada e esquecida”; que ela sabía por que o dicía; que tamén lle tocou pasar días tristes e noites longas; e que un día que o cura contou a historia de santo Ero da Armenteira, ela dixo “Pois se santa María fai tales milagres, ¿inda eu bote outros trescentos anos vendo o Paraíso! ¡A ver se esquezo este val de bágoas!”.

— ¿E foi ó Paraíso? — pregunto eu.

— Fun e volvín porque os santos téñenlle o seu xenio. Aquelo foi gloria divina pero, ó volver, estraño todo e Vostedes teñen que estar pensando que estou tola.

Meus pais e meu cuñado Bieito xa saíran e escoitaran a última parte.

—Tola, non —di o meu cuñado—. A historia do Santo Ero da Armenteira foi moi sonada e Afonso X mandou que se cantase na catedral de Toledo e na de Sevilla. Pero esas son historias do tempo dos milagres.

—Si, si... do tempo dos milagres —retruca ela con medo a ofender—. Eu tamén lle pensaba así. Pero os santos, Deus mo perdoe, son cabuxeiros. Cando dixen “inda eu bote outros trescentos anos vendo o Paraíso”, santa María colleume a palabra. Saín de aquí e subín aí ó monte buscar un feixe de estrume para a corte; pasei As Labradiñas e ó chegar á Fonte do Sapo, preto da curuta do Monte da Escusa, botouse a cantar un reiseñor e enfeitizoume e perdín o tino. Para min foi cousa dun par de horas, pero Vostedes din que estamos no 2009 e pode que teñan razón porque vexo todo tan cambiado que se ve que o tempo pasou e eu debín de estar fóra del. Antes o monte estaba cheo de gando e agora hai unhas árbores mestas e altísimas que, a pouco máis, non certo para baixar. Perdín o fouciño e baixei sen estrume. Este mundo parece outro. Non lle é prato de gusto o desnorte que teño.

—Non ha de se-lo corvo máis negro cás alas, muller —dille mamá.

—Pero, ¿qué fixo neste medio tempo? —pregunta meu pai.

—Ve-lo Paraíso. ¿Parécelle pouco? E coido que o meu corpo estivo convertido en lindazo.

—¿Lindazo? —repara meu pai—. Lindazo é como lle chamaba miña avoa ós marcos de propiedade no monte.

—Pois iso. Un lindazo. E o que me sorprende é que os trescentos anos que Vostede di, para min foron o tempo de cantar un reiseñor no alto da Escusa.

—Santo Ero mo perdoe, pero élle unha historia mala de crer —dixo Sara.

—Pois non é historia ningunha, que lle é certo.

—Mira, ¿e como che chaman? —pregúntalle mamá.



—Cathaliña da Porta, para servilos, aínda que todos me chamaban Catuxa.

—¿En que pía te bautizaches?

—Aquí; na de Santa María da Armenteira; mi madre era de Corvillón e viñera servir nunha casa que estaba por aquí e que xa non dou con ela; eu sonlles filla de moza, crieime aquí andando tamén ó xornal por tódalas casas de Silván e do Batán.

—Ser será certo o que nos conta, Cathaliña —digo eu—. Pero costa crelo; e, se é certo, ten un bo problema consigo, porque non terá casa, nin familia, nin diñeiro ¡nin documentos!

—Casa e diñeiro non me preocupan, porque teño mans para traballar; familia xa non a tiña: a miña familia son os que me necesiten. E papés ¿para que quero papés se estou na miña terra?

A noitiña vense enriba de nós e gardo a mangureira de regar. A miña nai apértaselle o corazón e mándaa entrar na casa, pobre criatura. Sorpréndeme que o instinto de mamá nos impoña confiar na descoñecida máis sorprendente que pasou pola nosa cancela. Mirámonos todos. Ela baixa os ollos e vese que desexa que alguén lle dea abeiro pero ten medo a molestar. Mamá insiste en que entre. Cathaliña repasa as nosas miradas e percibe que nesta casa quen corta o bacallau é mamá. E agradáceo coma se lle quitaran unha lousa de riba. A gratitude da súa mirada é tan expresiva que parece imposible que mentise, aínda que parece imposible que diga a verdade. Miña irmá, meu cuñado e mais eu mirámonos coma quen di: “¡Vaia historia estamos vivindo!”. Faranduleira non o parece pero Sara, Bieito e máis eu pensamos que pode ser unha arteira timadora. Mamá léno-lo pensamento e di que unha das obras de misericordia é “dar pousada ó peregrino”. A Cathaliña móllanselle os ollos, entra no eirado da man de Iria e disimula a emoción curioseando o Volkswagen Golf

que está no resío. Andando vese lanzal, xeitosa, espontánea. Cando pasa onda min, co pexego na man, sinto que recende a chuchamel. Entra na casa e abre os ollos ante case todo. Parécelle milagroso todo o que fai a electricidade. A súa sorpresa parece real. A cociña non lle parece cociña ata que ve como da billa sae auga fría ¡ou quente! sen tansequera ir por ela ó pozo. Non hai salgadeiro, hai frigorífico. Non ve o anllar da leña e queda pampa coa placa de indución que quenta todo no instante sen que as potas collan feluxe. O forno microondas, a batedora, o interruptor da luz, o ferro de pasa-la roupa... Breixo faille unha foto cun teléfono móbil e despois déixalla ver; instintivamente ela recoloca o pano da cabeza. A cada cousa nova regala os ollos. A súa inxenuidade, a beleza do seu sorriso, a discreción na fala e no movemento das mans producen paz e isto engaiólanos ós sete. Dubidar dela e pensar que está finxindo parece sensato; pero dá vergoña. Ela fai probable o milagre. Claro que vaia problema, se o que conta é certo. ¡Pobre criatura!

A pousada que para aquela noite lle ofreceron meus pais non ten volta atrás; así que hai que ordenar onde vai durmir. Ela ofrécese a acomoda-lo gando pero non temos gando; e sorpréndese. Ceamos e trala cea botamos horas enchéndoa de preguntas polo Silván de hai 300 anos; e polo ceo, ó que ela lle chama “a vida definitiva”. Responde de maneira moitas veces sorprendente pero sempre coherente. Non para de agradecernos, especialmente á señora Amelia, miña nai, que lle franqueásemo-la porta; botamos horas argallando un plan para conseguirlle un DNI. Non entende a nosa preocupación por lle resolve-lo problema dos papeis pero di que Silván mellorou moito en xente.



Xa nos preocupaba que Cathaliña tardase tanto en acordar pola mañá. O que máis rápido aprende é a ducha; parécelle celestial. O lío de seca-lo pelo non é para describir; pero aí miña irmá Sara fixo un traballón que só fai unha amiga. Pola noite decidíramos que de momento non o cortase. Almorza pouco. Iria non perde detalle.

A media mañá imos á reitoral da Armenteira e chegamos cando don Ramón Fernández, o cura, xa vén de visitar un enfermo. Colle do arquivo o máis antigo Libro de Bautizados pero empeza en 1697. Imos ó Concello de Meis pero o Rexistro Civil empeza en 1930, porque un incendio destruíu o arquivo anterior. Cathaliña está preocupada por traballar para paga-la pousada pero nós seguimos matinando en como axudala a demostrar que ela é quen di.

De repente vénme á cabeza Paco Fernández Rei, de Cambados. El é un dos autores do Atlas Lingüístico Galego: un dos catro científicos que, despois de recolleren 4.000 palabras en 167 sitios de Galicia, poden dicir con exactitude de que sitio é unha persoa só con escoitala falar. Doulle unha chamadela, cóntolle o caso e, aínda que está coidando súa nai, dime que, se é certo o que Cathaliña conta, case se pode certificar e que, ademais, será un experimento interesante. Quedamos en que á tardiña subirá el a Silván. E vén. E despois de escoitala falar media hora, di:

—Esta muller ou estudou moita filoloxía galega ás agachadas ou é de aquí. Para min é de aquí, aínda que conserva algún trazo que posiblemente houbo no galego da Armenteira pero que xa se perdeu, coma o pronome ñe. Se a nai era de Corvillón, igual lle quedou da nai. Non hai traza de que vivise noutro sitio de Galicia. Para min é unha regalía podela escoitar. Pero estiven pensando que, aínda que o Catastro de Ensenada se fixo entre 1750 e 1754, despois da data que ela conta, poida que alí estean rexistradas casas e persoas que cadren co que ela conte do Silván que acorda. Iso está no Arquivo Histórico Provincial. ¿Que vos parece se falamos co xefe superior de policía de Galicia...

— É un tal García Mañá ¿non? —digo eu.

—Si. Explicámoslle o caso e a ver qué di; porque a Policía é quen dá os carnés.

Parécenos ben e chama. Quedamos para pasado mañá. Decidimos que é útil que vaia coa roupa que trouxo e co pelo aínda sen cortar ese día a Pontevedra ó Arquivo Provincial e mais á Policía Nacional.

Cando collo o coche para irmos a Pontevedra, non quere acender por nada do mundo: a avaría da chaveta do Golf é parva e repentina pero grave. A solución é ir en autobús. Mamá di que vaia eu con ela. Meu cuñado báixanos ó Mosteiro a colle-lo Travibús. Que me vexan chegar á parada cunha muller vestida así e con semellante pelo dáme apuro pero a simpatía dela e maila cortesía e curiosidade da xente axúdanme a pasa-lo trance. Peor será cando cheguemos a Pontevedra. Nunha aldea non hai segredos de casa e xa se correu por toda a redonda que apareceu Cathaliña, así que todos a queren ver e todos a tratan coma se a coñeceran de toda a vida. A luz e a paz da cara dela causa boa impresión, aínda que eu vexo no revés dalgunhas miradas que uns desconfían que sexa unha fuxida política que saíu tarde do seu tobo e outros que sexa unha tola de Conxo á que lle quedou a teima de ter 300 anos pero que, como non fai mal, déixana andar por fóra. Ben mirado, é difícil crer que sexa unha veciña que viu o paraíso, porque nin o corpo lle dá máis de vintecinco anos nin hai paxaro que trescentos anos dure.

Amelia do Rodiño, que espera o autobús, sinala no xornal de hoxe a nova de que a Comunidade de Montes denunciou onte a desaparición dun marco antigo no Monte da Escusa. Míroo e ensínollo a Cathaliña e ela abre as mans coma quen di: “¿Viches?”. Engade que non sei canto lle agradece a miña

nai que lle dese pousada e a min que a leve a Pontevedra; que se sente protexida por xente boa.

Desque subimos, tódolos viaxeiros, os de diante e os de tras, van coa orella posta a ver qué falamos e algúns dos asentos de diante reviran a cabeza para segui-lo conto. Cando o coche arranca ela fai o sinal da cruz e di: “¿Deus nos leve con ben!”. Sentado a pé dela sinto o mesmo arrecendo a chuchameles de antonte aínda que sei que se duchou con xel da Toxa. Quere ir mirando para fóra pero a xente faille preguntas e ela responde a todo á boafé e vólleme sorprende-lo extenso repertorio de movementos das mans cando fala.

—Cando un santo castiga, encamiña: agora disque son unha inmigrante sen papés. Pero todo se ha compor.

—Pero, ¿como foi a cousa? —pregúntalle o que ía no asento do outro lado do corredor.

—Pois, cando cantou o paxariño e perdín o tino, abréuse a visión do ceo, san Pedro franqueoume a porta grande e santa María saeume a recibir. Eu, Deus me perdoe, nunca vos fun moi santeira, e cando pensaba en santa María sempre pensaba nunha muller co negro do loito e co corazón na man e sete coitelos espetados nel; pero aquela santa María que saíu á porta do Paraíso a recibirme non pasaba dos cincuenta anos e víase alegre e bonita. E mirando para min, sorriu tranqueira e dixo así:

—¿Pra que aprendas!

—¿Para que aprenda qué, Señora? —díxenlle eu baixiño e medio azorada.

—Pra que aprendas que o mundo é máis máxico do que perciben os ollos que ha come-la terra.

—Mandoume entrar —seguiu dicindo Cathaliña— e foi tan lindo e apracible canto vin e oín que me durou o canto dun paxariño. Se vos digo a miña verdade, o dos trescentos anos sóubeno nontronte, vendo o que me medrou o pelo e mailas uñas, que xa as cortein, vendo o cambiado que está

todo por aquí e vendo que nin recoñezo a xente nin me recoñecen a min.

—Tira eses garabullos da cabeza, rapaza —dille en alto un que vai un pouco máis diante. Milagres non os hai. O que hai é o que se ve.

—Razón non lle falta, señor. Pero mire, aquí toda a terra está a parra; e mais eu non vexo que vivan todos peneques. Ás palleiras véseñe o día ó través, que non hai millo nelas; e mais non vexo ninguén con cara de fame. Polas virtas xa non decorre a auga coma antes; pero eu vin que Antón regaba coma quen orballa. Nas casas non hai lareiras e xa vin cociñar sen lume e sen feluxe nas potas. ¿Vostede ve os cabalos que tiran deste carro e que nos levan ás parafitas a Pontevedra?

Un que viaxa do outro lado do corredor pero na fileira de atrás, preguntalle

—Pero, mire, por moito pelo que teña, que o ten, a cara non lle dá os tales trescentos anos.

—Pois verá. Non lle sei dicir se si ou se non. A min bautizáronme en Santa María da Armenteira o día de san Roque de 1690 e o reiseñor cantou cando eu tiña 25 anos. Así que, se estamos no 2009, velos aí están, máis ou menos, os meus trescentos anos. Esta noite acordoume unha cousa que inda non lla contei na casa de Antón: eu coñecín un vello de Fefiñáns que daquela xa vivía do outro lado do Castrove, en Porto Santo de san Salvador de Poio; chamábanlle Xan do Outeiro e tiña daquela 135 anos. Era moi sonado aquel vello rufo. Xa lle morreran dúas mulleres pero el a pena levouna moi ben porque, das dúas veces, casou ó outro día e esas noites durmiunas coa criada. E por iso se dicía con retranca: “¡Hai que ter paciencia, que tamén a tivo Xan do Outeiro!”. (Aquí escóitase rir un vello que vén no asento de atrás e que asegura que aínda se di). Cando chegou ó Paraíso, os galegos fomos estar con el e dixo que vivira 146 anos. Eu recoñecino. Óras-



me, se lle parecen moitos trescentos anos, terei logo os vinte-cinco anos que tiña e mailo que dure o canto dun reiseñor.

—Esta muller está guillada —dixo o de diante.

—¡Ai, rapaça! —dixo o vello de Sisán que ía no asento de atrás—. Con ese pelo de trecentos anos que tes aghora inda podes varre-lo chan e dáche para façeres medio cento de brochas de afeitar.

Algúns riron baixiño. Cathaliña riu tamén e dixo así:

—Ten razón. Eu ben sei que o pelo me dá un carís xinolés. Pero non o cortei porque é a proba material de que eu teño os anos que ñe digo e vou a Pontevedra na procura de que me dean unha cédula; agora disque lle chaman chaman DNI. Consiga eu un Documento coma o seu, e cortareino. E, se Vostede o quixer, inda ño darei para que faga a tal vasoira e mailas brochas de afeitar.

A estas alturas da leria os viaxeiros do autobús xa van todos revirados para veren e oíren mellor a misteriosa Cathaliña da roupa antiga e do falar celmoso. Mesmo o condutor fai algunha estramonía porque, de cando en cando, bota unha miradela polo retrovisor.

—Santa María amoloume ben amolada, porque agora que volvín parezo unha tola, porque nin vós me coñecedes a min nin eu vos coñezo a vós nin os sitios de toda a vida están como estaban. O único que vexo igual é o mar, a Illa en liña coa Curota, recoñezo algunhas palleiras e as igrexes; e pouco máis.

—Mire —di outro viaxeiro que era sancristán—; e alá no Paraíso en que lingua se entendían?

—Ai eso élle xurdio —dixo ela revirándose algo cara atrás—. Na casa aquí de Antón xa o contei nontronte. No Paraíso todos falan como falaron aquí, pero todos entenden as linguas de todos. É un milagre de Deus noso Señor, coma na Pentecoste. Alí oes falar ruso, guaraní, tudesco, maxiari, bretón, quimbundo ou chinés e entendes todo. Non lle sei como

é. Pero eu fixen amigos de moitas linguas. Iso si. Deus non é que as entenda todas: é que as fala todas. E ós santos que El canoniza (que son máis cós que están nos altares) dañe o babel. Aquí dicir babel é dicir cousa mala pero no ceo é cousa moi cobizada: é o don de fala-las linguas todas do mundo, habidas e por haber. ¡Iso si que é unha marabilla! A min falta unha vez para a primeira que Deus ou un santo me dixese unha palabriña que non fose en galego. Cando ti ñe falas en quechua a un quechua, é coma se rebozáse-las palabras en cariño e vesñe nos ollos que el che abre a porta do corazón. E, se lle digo a miña verdade, cando santa María veu á porta e me dixo “Ven pra riba, muller, ven para riba, que a porta está franca. Ven, que te vou levar onda san Tomé que inda é máis desconfiado ca ti”, aquilo, amigos, así, en galego, deume unha confianza total.

—Pois o outro día puxeron na TVG un vigués de trinta e poucos anos que fala doce linguas.

—Non está mal. Pero iso non é nada comparado ó babel, que é falar ducias de milleiros de linguas. Eu falei moito con Nantia, unha galaica que morrera no Monte Medulio, e, como ela tiña o babel, faloume en galego de hoxe. ¡O don do babel évos moita cousa de noso Señor!

—¿Pra que te-lo pelo tan grande? —pregunta un rapaz de seis anos que vai sentado par dela do outro lado do corredor. Ela tócalle a punta do nariz e dille:

— Pois para que mo pregunten os nenos listos e para que rían os parvos: e así xa sei con quen estou a falar.

—¿E que lle parece este mundo agora? —pregunta a muller que ía no asento de diante.

O que vai a par dela, e que debe se-lo home, dille polo baixo:

—¿Ti es parva ou faste? ¿Non ves que é unha titiriteira? ¿Onde viches ti unha muller que leve o pelo facendo de cinto? Esta ou fuxiu de Conxo ou está a face-la risa de todos vós.

É unha faranduleira lista; pero vas ver que, cando cheguemos a Pontevedra, vai estar alí unha patrulla do 061 para recollela; dígocho eu.

E desenleou os cables, meteu os auriculares do MP3 nas orellas e púxose a escoita-los seus pasodobres favoritos. Cathaliña seguiu:

—Ó seu home non ñe falta razón. Se non fora pola señora Amelia de Silván, que nontronte me colleu na casa, eu igual estaba xa tola perdida.

—Pois que Deus a axude, malpocada —dixo unha viaxeira de oitenta e tantos anos—, que lle ha facer boa falta.

—Pero non se asolague, que teño mans para traballar e podo andar ó xornal: cunha leirucha que me dea uns xenos xa me compoño. Eu non teño medo ningún. Todo ha de vir a ben.

O autobús para en Campañó.

Sobe un home moi ben portado que mira coma quen busca alguén e, cando ve Cathaliña, achégase e dille:

—Ola, ¿podemos ter unha palabriña? Son Fulano de Tal, de Tal TV. Estamos interesados en ter en primicia as súas declaracións.

Interveño para dicir que a deixe en paz. El insiste, coma se non me oíse.

—Concédame unha exclusiva; e a miña TV daralle unha cantidade importante de diñeiro. Non se preocupe polas cuestións de documentación: diso encargámonos nós.

Eu introduzo un “¡Faga o favor!” que corta en seco. El non insiste pero colle o teléfono móbil e ata Pontevedra non para de mandar mensaxes. A partir de aí, Cathaliña falou baixo, só para min. Volveume repetir que estaba moi agradecida a toda a familia, ó traballo que estaba pasando con ela, e que nunca

se sentira tan protexida por un home. ¡Inda ben! Pasando á beira do Lérez di:

—¡Oi! Éche ben certo, “Labrego na vila logo ve as casas”. Agora todo son torres pegadas unhas a outras... Santa María xa case non se ve e iso que a fixeron os mareantes para vela mentres pescaban na ría... Isto non se reconece... ¡Cantas pontes!

E mirando á dereita cara a Porto Santo dime:

—Mira ¿ves? Aí viviu un tempo Xan do Outeiro... ¡Que maneira de correr! Pero isto cansa coma se viñera a pé.

Conforme imos chegando á estación de autobuses de Pontevedra o meu formigueo vai medrando. Atravesar toda Pontevedra cunha moza tan ben parecida sería un gusto se non fora vestida así e cun pelo tan rechamante.



A noticia correu coma o lume no monte, cando venta a favor. Cando o autobús do Mosteiro chega á Estación de Autobuses de Pontevedra, vexo un mundo de cámaras fotográficas, de TV, microfónos e gravadoras en nerviosa espera. Eu viña algo desacougado e procuraba non transmitirlo a Cathaliña; pero isto non o esperaba. De repente decátome de que veñen por ela. ¡Natural!: unha muller do século XVIII que chega no 2009 dunha viaxe polo Paraíso a Pontevedra é a noticia do ano e vai ser portada dos telexornais do mundo enteiro. ¿Que facemos? Como tardamos en decidirnos, soben uns pola porta traseira e outros pola dianteira e no instante estamos rodeados de xornalistas. O condutor pide que deixen baixar antes de subir. Todos lle queren coller á miña compañeira de asento o mellor plano e a primeira declaración. Tralos lóstregos das cámaras e mesmo dos teléfonos móbiles, choven preguntas e preguntas: como se chama, cantos anos ten, por que ten o pelo tan longo, a onde vai, qué viu no outro mundo, qué é o que máis lle chama a atención da Galicia que agora encontra, qué pensan de nós no Paraíso, se é certo que Deus dixó: “Se este é o mundo que Eu fixen, que o demo me leve!”, e mesmo se hai solución para a fame no mundo sen control da natalidade ou cómo visten as santas no Ceo.

Ela nunca viu todos aqueles aparatos de grandes ollos mouros e asómbrase. Agárrase ó meu brazo buscando abeiro, cousa que me agrada, e tranquilízoa con que son cousas deste mundo pero que non fan mal. Pido que nos deixen baixar do autobús. Un deles, nun exceso de celo profesional, tócalle a Cathaliña a longa crecha para ver se é natural; e, en canto ela se decata, ese tal descúlpase. Outra tócalle o pano da roupa e Cathaliña dille:

—Élle liño molarío, muller, algo sobado; pero é liño que eu fiei e tecín.



Toda a prensa toma nota destas súas primeiras palabras. A xornalista, collida na allada, sorrí e dille a unha compañeira:

— ¡É sorprendente! Sobado e todo, recende a un perfume exclusivo.

O condutor, que xa leva un tempinho dándolle á cabeza, manda que baixen tódolos que subiron sen pagar billete, apaga o motor e chama á central de Travibus para comunica-lo que está a pasar. As preguntas choven sobre Cathaliña envoltas nos lóstregos fotográficos: se hai petróleo na costa galega, cal vai se-lo próximo invento que transformará o mundo, cal é a profesión na que vai haber máis carga de traballo nos próximos anos, se o quecemento do planeta é irreversible ou aínda podemos facer algo. Cathaliña, coma a troita entre sete engados, pensa: “Ó que moito quere saber, pouquiño e ó revés”, e pide por favor que a deixen, que está cansa. Entón preguntanme a min se ela é a miña irmá, a miña moza, unha veciña ou unha devanceira. Eu tamén pido que nos deixen baixar e os dous poñémonos en pé.

— Disque onte a viron na Lanzada mirando a xente que paseaba en traxe de baño. ¿Que lle parece que algunhas mulleres leven as tetas ó sol?

Esta pregunta provoca a ira de case tódolos xornalistas, que piden desculpas e tentan crear un clima que anime Cathaliña a falar. O condutor aproveita para berrar que baixen tódolos que non teñan billete. Naquel batifondo soben dous policías un por diante e outro por detrás e fan baixar todo o mundo do autobús. Dígolle a Cathaliña que, para irmos ó Arquivo Histórico Provincial, ímos coller un taxi. “¿Un que?”, di ela. “Xa verás”, digo eu, aínda que penso que o malo vai ser chegar ó taxi.

Nisto sobe un policía de paisano que se identifica como Luís García Mañá, de quen nos falara Paco Fernández Rei. Recoñézoo de telo visto na prensa. Dinos que non nos preocupemos. Ofrécese a levarnos ó Arquivo Histórico Provin-

cial en coche sen distintivo oficial. Cathaliña mira para min a ver se eu tamén vou e indícolle que si; ademais para min hoxe é un alivio atravesar Pontevedra en coche. E Cathaliña dille:

— Pois Deus o axude, señor. Eu son Cathaliña da Porta, nada en 1690 en Santa María da Armenteira. Sei que parece imposible pero non teño máis documentos ca esta guedelleira e a lingua que falo. Vaia. Si, teño aquí un papel que me fixo un profesor da Universidade. O meu caso élle ben raro pero sonlle muller honrada que precisa documentos. ¿Pódeme axudar?

O xefe superior, curtido na interpretación das primeiras impresións e de todo tipo de coartadas, oculta profesionalmente a que lle produce a mirada fina e serena de Cathaliña. Vea cansa e dille:

— Estamos para iso, señora. Pero antes terá que responder algunhas preguntas.



Estando nestes falares, a Policía en baixo xuntou os xornalistas todos nun lugar. O xefe superior de policía recoméndanos que Cathaliña vaia alí, que lles agradeza a atención e que lles diga o que queira pero que non responda preguntas.

Baixamos por fin do autobús. Moitos viaxeiros aínda esperan para darlle a man a Cathaliña; o do MP3, tamén. O ben portado dille a Cathaliña:

— Non esqueza a miña oferta. Tome a miña tarxeta. Podemos estar falando de moito diñeiro.

Cathaliña cólleme un brazo e pídeme que non me arrede dela. ¡Que feita é! García Mañá e outros policía de paisano mantéñense discretamente de parte. Os xornalistas chaman. Como ven que nos achegamos, calan todos, ninguén pregunta e Cathaliña dilles.

— Agradézolle a todos a atención e a espera. Eu sonlles Cathaliña da Porta, unha muller sen documentos; pero espero poder demostrar que nacín nesta terra en 1690. Só quero traballar. Busquen a verdade e a xustiza, porque o resto non é información: éles barullo.

E déixaos coa palabra na boca. Volvemos onda o xefe superior de policía.

— ¿E ti de onde sacas iso de que o resto é barullo? — preguntolle eu.

— E... serache cousa do reiseñor — responde ela sorrindo e a min déixame admirado, como me deixara aquilo de “pouquiño e ó revés”.

Montamos no coche que nos ofrece García Mañá. Antes de subir, Cathaliña faille unha reverencia de cortesía que xa non se usa. Nós imos un por un lado e o outro polo outro. Sentados con Cathaliña no medio, García Mañá preguntalle que tal foi a viaxe, ela di que viñemos voando, que antes levaba unha mañá enteira; pero que vén cansa igual. Para que estea tranquila, el cóntalle que Pontevedra está en festas, a



Feira Franca, e que media vila anda vestida con roupa medieval. Cathaliña que vai cos ollos moi abertos pregúntame por que os de Silván, os do Mosteiro e os de Campañó vestimos tan distintos dos de Pontevedra. Na cara xa non lle pinta a inxenuidade senón un sorriso galopín. Sígolle a broma con que con ela a bordo todo vai do revés. E ela fai un levísimo xesto de xa te entendo. Si. Ímonos entendendo.

Chegamos ó Arquivo Histórico Provincial e na porta estanos esperando a directora, Dolores Barahona; nada menos. Entramos todos naquel templo que custodia a historia en 30.000 caixas. Lévanos a un salón e alí descubrimos que nos agardaban sete profesores universitarios de diferentes especialidades: lingüística, física, historia, filosofía, antropoloxía, teoloxía e medicina. Caladiñamente a Policía tñiao todo previsto. Do resultado desa tertulia científica e do que despois resulte do exame do Catastro de Ensenada de 1750, vai depende-lo futuro de Cathaliña. Ela non para de sorprendeme, porque non se acaña nada: reconece entre os científicos a Paco Fernández Rei e saúdao cun sorriso e un xesto da cabeza. ¿Onde aprendería estes andares?

Luís García Mañá toma a palabra, agrádecelles ós científicos a súa asistencia e di que das preguntas e respostas espera non só a solución dos pequenos problemas de Cathaliña senón algunha luz para o estado actual da ciencia. Dille a Cathaliña que estes profesores lle van facer algunhas preguntas e que ela pode respondelas na orde que queira; que, cando estea cansa, pararemos para tomarmos un café ou un refresco. Recomendalle que estea tranquila porque está entre xente amiga e non hai présa ningunha.

Abre a primeira rolda o antropólogo Marcial Gondar que, co seu sorriso cordial pero retranqueiro, pregunta:

—Cathaliña, é un privilexio para nós poderlle facer preguntas a unha persoa que vén de vivir unha experiencia tan

insólita ou, como din agora os mozos, tan flipante. ¿Como é que voltou? ¿Foi de grado ou pola forza?

O físico Jorge Mira formula dúas preguntas aparentemente moi simples: unha para coñece-la esencia do paraíso e a outra para sabermos se existe canle de comunicación ou interacción entre o Paraíso e o noso mundo.

—¿Onde está o Paraíso? ¿Dende o Paraíso pódese ve-lo noso mundo?

O filósofo Barreiro Barreiro pregúntalle:

—¿É posible o gozo eterno? ¿Non se aburre a xente nun paraíso no que todo é felicidade eterna e sen cambio?

O filólogo Anxo Tarrío, coñecedor da tese de Filgueira Valverde, dille:

—A literatura de Europa e Asia di que o que lle pasou a vostede xa lle pasou a outra xente: ós santos Ero, Amaro, Gundián, Viril; a frades coma Fiz ou Xan; a homes coma Paul Gontran ou Rip Van Winkle. Todos homes. Vostede é a primeira muller que vive esa experiencia e falaría algo con eles ¿non si? ¿Qué lle dixeron?

O endocrinólogo Lado Abeal pregúntalle

—Cathaliña, ¿séntese con forzas para reemprender esta vida mortal ou está cansa?

—Estoulle cansa coma o raposo de arrastra-lo rabo —di ela—. E o caso é que non fixen nada.

—Iso é bo sinal. Descansamos cando queira e teño aquí algo que lle fará ben.

Polo baixo o Dr. Lado dille a Tarrío que, se con 300 anos non estiver moi cansa, o diagnóstico de demencia era claro. Tarrío respóndelle que os casos que rexistra a literatura avellentaron en poucos meses, días ou mesmo horas e morreron. Mentres eles falan baixiño, o teólogo Andrés Torres Queiruga está preguntando isto:

—Cathaliña, de verdade, ¿é tan profunda a nosa vida? Agora que volveu de alá, ¿que símbolos e metáforas recomenda para falarmos da patria final?

Cathaliña, labrega entre sabios, parece a alumna que chega tan ben armada ó exame final, que goza coas preguntas e sorpréndeos resolvendo cuestións complexas con respostas simples, inesperadas, sabias. Pero véxoa cansa. Respóndelle primeiro ó filósofo con que feliz non é quen ten senón quen dá; que a felicidade non depende de circunstancias senón de actitudes e que por iso no Paraíso o gozo non ten fin. Engade que o que a ela lle pasou é que mil anos diante de Deus son coma o día de onte que xa pasou e, mentres o físico pensa en Einstein, o teólogo sorprende a cita exacta do salmo 89. Ela di: “¿Que a que se parece a Vida Definitiva?”. Toca as fazulas cos seus longos dedos e déixaos escorrer pola cara abaixo, quédanlle as mans xuntas; mira ó alto como baixando de alí a resposta, e di

—Non hai resposta mellor có amor.

E busca a miña mirada. Aquela mirada, sen aviso previo, inúndame, talmente coma o mar, cando está moi bravo, e unha onda xigante entra nas Catedrais da Mariña, enchéndoas ata arriba coa súa masa inmensa e coa súa forza omnipotente

pero axeitándose con exactitude milimétrica á xeografía interna daquelas furnas. ¿De onde lle vén a forza a esa mirada? ¿Que intuición a de mamá! En maio xa me dixera Santiago Pemán que este ano o verán viría en setembro.

O Dr. Lado Abeal ordena unha pausa. Soa o meu móbil. Descúlpome e retírome. O meu cuñado Bieito dime que mamá quere saber como nos vai; dígolle que de marabilla; el dime que unha vella de Silván de Meis acaba de contar que os vellos dicían que a fonte da aldea, que ten unha santa, fíxose hai moitos anos en memoria dunha moza que desaparecera hai centos de anos no monte; ai, e que un bico de Iria para Catuxa.

